



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN EXTRAORDINARIA**, que se celebrará na **CASA CONSISTORIAL** polo **CONCELLO PLENO**, ás trece horas e trinta minutos do día cinco de decembro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaria desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

ORDE DO DÍA

PUNTO PRIMEIRO: SOLICITUDE, SE PROCEDE, PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2018.

PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ORA).

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS EN ZONA DE APARCAMENTO LIMITADO (ZONA ORA).

PUNTO QUINTO: MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, ACORDOS PLENARIOS DE DATA 01.03.2017, ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

Ordes, 30 de novembro de 2.017

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 20/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CINCO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a cinco de decembro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Non asisten:

- GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás trece horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: SOLICITUDE, SE PROCEDE, PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2018.

Publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018 (BOP nº 188, de data 03/10/2017).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que a proposta de obras a incluír no POS+ 2018 recolle varias das obras que incluíu na proposta que presentou no rexistro o pasado 17 de outubro, entre elas, pavimentación en Adina Vella de Abaixo, 35.700 euros, pista que une Faramilláns, 20.600 euros, senda peonil entre o Barreiro e a fonte de Leira, 30.600 euros, camiño N550 a Queis, 65.000, plan marco en Lesta, por ser unha das parroquias máis desfavorecidas en investimentos, un asfalto interior e ramal interior en Adrán, 5.000 e 1.200 euros. Estas obras ascenden a 158.000 euros, dentro de todas as peticións que formulou na súa proposta. No plan complementario van incluídas outras obras moi necesarias, camiño de Pardiñas, anchar o acceso á Igrexa de Mercurín, acceso a Outeiro e á Hermida de Beán, así como o camiño de Aldeña ata o límite con Oroso, por importe de 123.000 euros. Todas as obras son necesarias. Fai un chamamento sobre tres pistas, camiños que están sen asfalto a día de hoxe, e que levan a vivendas unifamiliares illadas, hai que facer un esforzo e cambiar esta situación que semella tercermundista. Un en Lesta, acceso ao Couto, en Ardemil, acceso na Costiña en Orellán de Arriba, camiño en Reboredo. Cando poida o Sr. Alcalde teña a ben incluílos, é algo que se ten que solucionar, son vivendas que pagan os seus impostos e hai que darlles unha solución.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se inclúen no POS+ 2018 o abastecemento a Leira ao longo da N550, as obras no parque infantil de Mesón do Vento o Alcalde comentou que se vai a facer con fondos propios. Ao incluírse as súas propostas votarán a favor.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que concordan con esta proposta de obras no POS+ 2018 a obra de abastecemento na zona de Leira, zona de Moscoso, Axás e os Carrucheiros, para que teñan un servizo de abastecemento de auga dende os depósitos de auga en Mesón do Vento, por importe de case 340.000 euros. Obra que entra na súa filosofía de incluír servizos básicos de abastecemento e saneamento, obras custosas e de importancia que dificilmente poderían executarse con fondos municipais. Recóllense tamén outras propostas do BNG, aglomerado no Casal a Igrexa en Vilamaior, pista de Eirexe ata a estrada Pontecarreira na parroquia de Pereira, a pista dende Uzás pasando por Faramilláns ata o límite con Vilamaior, pista que une o interior de Uzás con Faramilláns en Buscás, camiño do Casal a Vidueiro ata AC413, camiño de N550 a Folgueira en Ardemil, pista principal entre Mandaios e Baltares en Barbeiros. Outras propostas no Plan Complementario camiño entre Aldeña co límite con Oroso en Barbeiros. Outras propostas que consideramos importantes grupo de presión no abastecemento de auga en Queis, Montaos, a substitución dos tubos de fibrocemento por outros de polietileno na rede de abastecemento de auga en rúa de Galicia, indícase que se incluíran no PMA complementario 2016 e os tubos no remanente de 2016. Isto é algo que non temos garantido que se execute polo que o voto dependerá de se o Sr. Alcalde se compromete publicamente e que conste en acta de que estas dúas obras serán executadas no 2018 e que no caso de que non se aprobe o PMA complementario as obras do grupo de presión se incluíran nos orzamentos municipais. Lamenta que non se tivese en conta a súa proposta de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

accesibilidade nos pasos de peóns en Ordes, nin a mellora das instalacións do pavillón de Mesón do Vento para a mellora do illamento térmico e substitución da iluminación existente por outra tipo led.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que a Deputación Provincial concedeu preto de dous millóns de euros para investir en Ordes, unha cantidade considerable. Posiblemente o seu plan non sería este, considera que as obras que aquí se propoñen son importantes para o concello e para os nosos veciños. Na proposta de obras ao POS+ 2018 incluíron o cambio paulatino da rede de abastecemento de auga do concello que na súa gran maioría está composta por tubaxes de fibrocemento. O problema destas tubaxes é que están compostas de amianto, mineral canceríxeno. O cambio destas tubaxes é prioritario para garantir a saúde dos nosos veciños. Votan en falta unha inversión maior neste tipo de obras. Son obras importantes para o noso concello e todo o que veña benvido sexa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o POS+ 2018 son un millón douscentos cincuenta mil euros, non dous millóns de euros, a maiores a previsión do POS adicional e complementario, todo vai a depender de como se vai executando o plan e as obras. Non pode comprometer datas, o ano pasado aprobouse un plan que polas demoras das autorizacións sectoriais aínda non están executadas. O PMA complementario vai a existir por que hai a baixa, está pendente de solicitude. O proxecto do remanente incorporárase e conseguírase executar antes a rede de abastecemento en rúa Galicia que ningún dos proxectos do POS+ 2018. O compromiso e firme o que non lle vai a comprometer é a data. Non hai ningún tipo de dúbidas de que estas obras van a ser incluídas. Se quere que conste en acta o compromiso si, a data non, oxalá poida ser ao longo de 2018. Foron preto de catro millóns de euros as valoracións das obras que presentaron todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos. Hai incluídas obras de todos, algunhas nas que concordaban todas as peticións. Hai que facer un encaixe dentro das diferentes achegas, incluír proxectos non plan complementario cunha previsión de baixas dun trinta por cento, e un complementario mínimo dun vinte por cento para evitar que perdan diñeiro os concellos. Elimináronse dez liñas directas de subvencións e se retiraron plans comprometidos de exercicios anteriores do anterior goberno da Deputación da Coruña. Se non se tivera feito esa adición de máis de douscentos mil euros estaríamos perdendo cartos con respecto a exercicios anteriores. Espera que as obras se poidan executar no verán a mellor época.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esas obras as consideran vitais. No POS 2016 ampliouse a rede de abastecemento en Queis, Porta dos Condes, Piñeiro, Carrás e a día de hoxe están sen presión na rede, é moi escasa. Deben realizarse de xeito inmediato. Se se compromete o ven axeitado. O mesmo na rede en rúa de Galicia. O BNG xa alertou nos últimos anos do perigo por amianto da rede de fibrocemento polos riscos que pode xerar para a saúde. No caso de Ordes é a inmensa maioría da rede, especialmente en rúa de Galicia e rúa Nova polos continuos cortes de servizo que se viñan producindo. Ata agora a Deputación cumpriu e seguirá cumprindo como aconteceu o ano pasado, non é certo que teñamos menos fondos, o que fixo é facer unha distribución equitativa dos fondos. Non é o mesmo que nos tempos do PP cando xestionaba a Deputación da Coruña na que o trinta por cento dos fondos se repartían a dedo que o cinco por cento que hai hoxe. Faise unha distribución para que todos os concellos poidan concorrer a través destes plans. A súa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

postura ao non ter asegurado que esas obras se vaian a executar, so un compromiso, non van a votar en contra, consideran estas obras imprescindibles para os veciños van a optar pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle gustaría que se lle explique, colla as cifras desas asignacións do que se están a repartir os grupos do BNG e PSOE na Deputación e como os concellos do PP so están a recibir 55.000 euros cada dous anos. Hai concellos a carón da súa cor política que reciben máis de 300.000 euros.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	75.000,00 €
Subtotal gasto corrente	75.000,00 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO VIXIDE-CHAN (MONTAOS) E OUTROS	229.714,82	0,00	229.714,82
PAVIMENTACION EN ADINA (ARDEMIL) E OUTROS	133.996,51	0,00	133.996,51
Subtotal investimentos achega provincial 2018	363.711,33	0,00	363.711,33

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
ABASTECIMENTO DE AUGA CASTRELOS E OUTROS NUCLEOS DE LEIRA E ARDEMIL	161	339.788,05		339.788,05
CAMIÑO DO COTO A CAPELA DO SOCORRO (VILAMAIOR) E OUTROS	153	90.645,71		90.645,71



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Subtotal investimentos achega provincial 2017	430.433,76		430.433,76
---	------------	--	------------

PRESTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello
PISTA DENDE IGREXA A ESTRADA PONTE CARREIRA (DP-3802) PEREIRA E OUTROS	224.045,90	47.049,64	271.095,54
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	224.045,90	47.049,64	271.095,54

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
CAIXABANK, S.A.	ES13-2100-8685-3202-0000-5810	165.000,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		165.000,00

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	75.000,00		75.000,00
	Achega 2018	363.711,33		363.711,33
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	430.433,76		430.433,76
	Préstamo 2018	224.045,90	47.049,64	271.095,54
	Préstamo 2018	165.000,00		165.000,00
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	165.000,00		165.000,00
TOTAL	Achega 2018	438.711,33		438.711,33
	Achega 2017	430.433,76		430.433,76
	Préstamo 2018	389.045,90	47.049,64	436.095,54
	TOTAL	1.258.190,99	47.049,64	1.305.240,63

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
CAMIÑO CASAL-BIDUEIRO-AC413 E OUTROS	153	145.139,20
PISTA SOUTO-PEDRE-AC409 E OUTROS	153	118.365,21



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PISTA DE NOUCHE A LIMITE OROSO (RECOUSO-MARZOA) (BEAN)	153	72.312,18
PAVIMENTACION VIAIS NA ERMIDA (BEAN) E OUTROS	153	49.653,40
PISTA AMEIXEIRA A CARBALLEDO (BUSCAS)	153	110.970,32
CAMIÑO ALDEIÑA-LIMITE OROSO E OUTRO	153	144.121,16
TOTAIS		640.561,47

3.- O concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e na data de presentación da solicitude terá solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- O concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.

Expediente de modificación ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras e Tráfico.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é certo que a súa modificación xurdiu a través da aprobación dunha proposta no Pleno do PSOE, cando chegou a hora da comisión polo BNG redactaron uns textos para modificación destes artigos que foi celebrada fai un ano. Acordouse optar polos textos presentados polo BNG, é certo que na última comisión celebrada a semana pasada a instancia de algunha recomendación que fixo o Secretario municipal modificouse a súa redacción sobre todo na referencia ás directivas europeas pola lei de accesibilidade de Galicia. Estes cambios tratan de definir os centros de actividade nos cascos urbano de Ordes e do Mesón do Vento, nos que por cada corenta prazas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

de estacionamento deberá haber unha accesible. Tamén se inclúe as condicións que deben reunir estas prazas de estacionamento accesible. Van a estar a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están a favor de que se habiliten prazas de aparcadoiro para persoas de mobilidade reducida ou diversidade funcional. Entenden que hai que garantir a igualdade de accesibilidade a todos os veciños do noso municipio. Gustaríalles que se inclúsen zonas de aparcamento en zonas deportivas e que se substitúa o termo de discapacidade por diversidade funcional. O termo oficial é o de discapacidade que é o que recolle a OMS é máis axeitado na actualidade o de diversidade funcional.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se incluírá a dotación de prazas de aparcamento para persoas con diversidade funcional na cidade deportiva Vista Alegre. Así como se modificará o termo discapacidade por diversidade funcional.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ORA).

Expediente de modificación ordenanza municipal do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras e Tráfico.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que os comerciantes seguen insistindo que fagamos algo viable para a zona de regulación ORA. A previsión deste goberno é seguir mantendo os dous postos de traballo que se financian grazas á recadación da ORA. Mantense toda zona ORA que había ata o de agora, elimínase a rúas dos Lagartos, engádesse a súa do Mercado, tramo entre parque municipal e rúa Compostela e república Argentina entre rúa Alfonso Senra e rúa Nova. Quedamos practicamente co mesmo número de prazas de aparcamento ORA. A maiores para buscar o consenso inclúese a rúa dos Lagartos e novas rúas nun sistema de ORA gratuíta. Vai a buscarse a mobilidade. Nun futuro verase por que sistema se opta na regulación do aparcamento nas rúas do casco urbano.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo conforme ao ditame da comisión informativa.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que na comisión informativa presentou unha proposta na que pedía que dentro da delimitación de espazos no seu apartado un non se ampliasen as zonas de pago, xa que segundo a información que se nos deu sobre os custes do servizo ORA este viña dando uns resultados positivos anuais de aproximadamente 16.000 euros. Parécelle motivo suficiente para non ampliar o servizo que non é deficitario, está a xerar un superávit, no que se inclúe o mantemento dos aparatos e os dous postos de traballo. Parécelle inxusto ampliar a zona de pago en canto a estacionamento temporal. Na súa proposta pedía incluír nas zonas ORA de aparcamento gratuíta as rúas do Mercado e rúa República Arxentina ao completo, é a maiores establecer que nos tramos das rúas que se amplían con zona de estacionamento temporal gratuíta nos que se aparca en ámbalas dúas marxes se tivera en consideración a posibilidade de que se aplicase en so unha das marxes o aparcamento temporal, estaríase a respectar parte do espazo aparcamento para os residentes na súa zona. En moitas destas rúas os edificios non contan con garaxes particulares. Deste xeito quedaría garantida unha regulación xusta para veciños e comerciantes. Na comisión falouse de que os espazos de pago e gratuíta se establecerían con diferentes cores para evitar as confusións cousa que non se inclúe na modificación da ordenanza, debendo quedar establecido xa na mesma ordenanza. Esta de acordo en mudar o sistema de pago a uns sistema gratuíta, pero hai que prever o mantemento dos postos de traballo existentes e a baixada de ingresos nos orzamentos. Parécelle xusta a proposta que fai de non ampliar zonas de pago, o servizo mantense perfectamente cos ingresos xerados na zona ORA actual.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que estiveron de acordo na comisión, pregunta se se vai a incluír na ordenanza as cores das prazas. A modificación proposta parécelles axeitada e votarán a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Interventor informa que na normativa non están contempladas outras cores, verdes, amarelas, crema, forzosamente ten que ser cor azul. Haberá que por un indicador. A sinalización terá que ser o máis concisa e clara. Se non é operativa haberá que facer unha consulta á Dirección Xeral de Tráfico.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta é unha vella reclamación do BNG. Non ten sentido que o estacionamento regulado en Ordes sexa de pago. Débese implantar a zona ORA gratuíta. Non gobernan nin contan cos apoios suficientes na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

corporación. Pouco a pouco esta proposta que fixemos no seu día vai gañando adeptos, aínda non son suficientes. Parécelles un pouco chapuceiro mesturar a zona ORA de pago coa gratuíta. Na comisión informativa xa advertiron que isto ía traer moitas confusións e problemas. Diferenciar a zona de pago e a gratuíta unicamente cunha T ou D co mesmo cor azul discontinuo non vai a funcionar. Teñen constancia que noutros lares, Avilés e Benavente que teñen unha zona azul de pago e outra gratuíta laranxa. Non hai que se máis papistas que o papa, non sabe se a normativa o permite, cando o poñen noutros concellos será por que normativamente será factible. Se se vai a aprobar unha trapallada, que vai a traer problemas á veciñanza é un problema. Non sabe se será viable sen modificar as cores. Para que funcione a zona ORA gratuíta haberá que ter unha vixilancia, haberá que meter sancións a quen non cumpra para evitar a masificación. Espera que o goberno municipal non boicotee a zona ORA gratuíta. Na comisión propuxeron unha modificación da limitación máxima de estacionamento a noventa minutos. Tal é como se regula o artigo seis non ven factible que se implante, si se cambias as cores. Vai haber moitas confusións e problemas, non vai a ser viable con esta regulación polo que non poden contar co voto favorable do BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de acordo cunha consulta no Consultor a zona laranxa incumpre a norma estatal de estacionamento, a Asociación Estatal de Automovilistas Europeos Asociados denuncia que as marcas viais diferentes ao cor azul son ilegais incumpren o regulamento xeral de circulación, o catálogo oficial xeral de sinais. Hai unha sentenza do TSX Madrid que lles da a razón. A consulta a podemos facer pero de inicio a aprobación da ordenanza a temos que facer de acordo cos informes dos técnicos. Vamos a ver como funciona, vamos a dar información a través da web e da app. Se a resposta á consulta é positiva modificarase a cor neste apartado.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non consideran xusto que nunhas rúas se pague por estacionar e noutras non. Presentan a seguinte emenda, a situación económica que está a sufrir o noso concello nestes últimos anos é delicada, peche de empresas do sector téxtil, trescentos trinta postos de traballos perdidos, donos de comercios que se ven na obriga de pechar ao non poder asumir a cantidade de impostos esixidos polas administracións, gandeiros aos que se lles pagan cantidades irrisorias polos produtos. Unha gran parte dos establecementos de Ordes subsiste gracias ás persoas que seguen a mercar nos establecementos da vila, aínda que a súa situación económica non sexa tan boa como fai uns anos. Creen que entre todos temos que incentivar e facilitar que os veciños de Ordes segan a apostar polo comercio local. Dende UxO pensan que é necesario que dende a administración se tomen medidas que apoiem este comercio ofrecendo facilidades aos veciños que mercan no noso municipio, como para os empresarios da vila. Unha destas medidas sería a supresión da ordenanza municipal de ordenación e regulación de aparcamento ORA. Proponse a aprobación dunha ordenanza municipal de zona azul gratuíta coa finalidade de garantir a rotación dos vehículos en rúas con dificultade para o estacionamento, en concreto en rúa Alfonso Senra, 127-169, rúa Recreo dende rúa Alfonso Senra a rúa Mediodía, rúa parques municipais, rúa dos Lagartos, rúa do Mercado, rúa da Canteira dende rúa Alfonso Senra a rúa Ramón Ferreiro, rúa Compostela, rúa Reconciliación, rúa Nova dende rúa dos Lagartos a rúa Rosalía de Castro, rúa República Arxentina, rúa Rosalía de Castro, rúa Praza de Abastos e rúa Víctor González Faya. É necesario reservar prazas de aparcadoiro para persoas residentes nestas mesmas rúas. Si que se van a manter os postos de traballo, por que ten que haber alguén que supervise que a xente cumpre cos horarios. Deberían poñerse máis máquinas para sacar tickets, están a favor das máquinas e non do disco.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non entende nada, as máquinas se o estacionamento é gratuïto non fan falta. O Sr. Iglesias Vieites ten un cacao bastante grande en todo o que acaba de expor e dicir. O grupo que vostede defende herdou unha ORA que se aprobou no ano 2006 e non fixo nada durante oito anos no peor período da crise económica que pasou este país preocupándose polos gandeiros, comerciantes e ninguén deste concello. Esta emenda debería ter sido presentada previamente na comisión informativa, non é de recibo que tres horas antes dun pleno veñan con esta proposta cando se abstiveron na comisión informativa. Non é posible derrogar a ordenanza sen máis, despois quere crear unha nova. Creo que é máis fácil utilizar a palabra modificar, é perfectamente viable.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que pregunta se o Sr. Alcalde entendeu o concepto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o entendeu perfectamente. Se vostede coñece o plantexamento que nos trasladaron os comerciantes e que comentaron coa anterior voceira do seu grupo, cree que poderían estar perfectamente de acordo e que non coincide co plantexamento que o seu grupo trae hoxe aquí. O anima a que fale con eles. Non se van a perder os postos de traballo pero si que nos condiciona os orzamentos municipais, habería que buscar a financiación. Nese grupo de gasto están incluídos outros gastos como o de guindastre que é deficitario, a ver como se mantén despois este servizo municipal e se atenden a todos os vados. Non van a admitir esta emenda. Está no seu dereito a que sexa obxecto de debate por todos os grupos e opinen ao respecto dela, pero non vai a ser obxecto de votación individual. Consideran adecuado manter a zona ORA cuns tramos de pago, na zona central incorporando parte da rúa do Mercado e rúa República Arxentina. Vamos a ver como funciona a zona ORA gratuïta. A partir do 2019 se isto funciona ben cos controles e se poda converter nunha zona azul gratuïta estudarase. Van a atender as demandas dos comerciantes que piden mobilidade no estacionamento nestas rúas máis comerciais. A sinalización horizontal e reubicación das máquinas verán como se fai efectiva. A sinalización con outras cores realizarase unha vez respostada a consulta. Non se vai a por en práctica algo co informe en contra dos técnicos. Mantense a proposta ditaminada pola comisión.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que a cor azul pode ser diferente, máis clara. Hai formas de distinguir un azul de outro. Hai que facilitar que os veciños poidan distinguir as dúas ORAs. Van a votar a favor. Como está é inxusto agora mesmo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que ten entendido que a cor azul so se pode usar nas zonas de pago. Non sabe se ten a ben deixar isto enriba da mesa, pero tal é como esta parécelle unha trapallada. Quere votar a favor por que é necesario, pero estamos a votar algo que sabemos que non vai a funcionar. Na proposta fálase de cambiar a rúa dos Lagartos a gratuïta por que conta con menor volume de negocios, isto non é así, isto é así por que nesa rúa a recadación é moito menor, e coa inclusión das rúas do Mercado e República Arxentina pretende facer máis caixa. O que se observa é o seu afán recadatorio. Contan con aparcamento en ambas marxes a rúa Nova, dende rúa Lagartos a Rosalía de Castro, a rúa do Mercado, dende rúa da Canteira a Compostela, rúa Compostela, dende rúa Mercado a rúa do Muíño, rúa Rosalía de Castro, dende rúa Alfonso Senra a rúa Nova. Explique por que nestas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

rúas se teñen que reservar ambas dúas marxes para aparcamentos dos comercios e non se pode implicar tamén un pouquiño cos veciños.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que votarán a favor.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o que propón o Sr. González se nos cinguimos á normativa será para todo. Senón tamén valería por outro cor distinto do azul. Concordamos co que dixo o Sr. González, o que ten que ter claro a veciñanza é cal é de pago e cal é gratuíta, tal é como esta regulado na ordenanza non queda claro e por iso non vai a funcionar. Claro que están de acordo en por a zona azul gratuíta. Se se queren tomar medias tintas, non poden votar a favor unha proposta na que non queda ben definida cal vai a ser de pago e non porque vai a xerar confusión e traer problemas. Se noutros concellos se implanta e funciona non entendemos por que en Ordes non se pode facer. Dende o BNG propuxemos diferencialas con outra cor. Se non é posible non se poderá mesturar os dous sistemas e haberá que apostar claramente por un, para iso hai que mollarse, sempre defenderon a gratuíta.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que a súa proposta é que todas as rúas sexan gratuítas, non poden pagar uns e outros non. Reafírmanse na mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vai a ver a operatividade coa sinalización vertical e as marcas en cada unha das prazas. Vamos a fiarnos do informe do interventor á hora de aplicación da normativa de tráfico. Farase a consulta para ver se hai algunha solución, se nos informan favorablemente calquera outra cor traeremos una modificación puntual esa parte. Ao longo dos próximos meses porase operativo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña), catro votos en contra (grupo político UxO), e coas abstencións (2 grupo político BNG Sra. Martínez Candal) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza municipal do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA), cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS EN ZONA DE APARCAMIENTO LIMITADO (ZONA ORA).

Expediente de aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 13, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ORA).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña), catro votos en contra (grupo político UxO), e coas abstencións (2 grupo político BNG Sra. Martínez Candal) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 13, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ORA), cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO QUINTO: MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, ACORDOS PLENARIOS DE DATA 01.03.2017, ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

Vista a proposta de Alcaldía de modificación dos acordos plenarios de data 1 de marzo de 2017 sobre organización municipal.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se trata de volver á situación inicial, acordada de xeito unánime e que non se deba ter modificado o pasado un de marzo. Pide unha votación por puntos xa que non poden votar a favor de todos eles. O un de marzo cando se tratou o salario do alcalde, pasar de 41.300 euros a 39.000 euros/ano, o alcalde non tivo a valentía de votar en contra dun acordo co que non estaba a favor como se demostra



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

hoxe para volver á situación inicial. Dende o BNG consideran que o Alcalde de Ordes debe ser unha persoa ben remunerada pola responsabilidade grande que ten ao ter que gobernar un concello de 12.500 habitantes, cun orzamento de máis de oito millóns de euros. No pleno de un de marzo tería que ter votado en contra da redución. Se ten a ben someter a proposta a votación por puntos están dispostos a votar favorablemente en todos os puntos menos na do seu salario que non poden votar favorablemente.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o alcalde neste momento ten a maioría, pode facer o que queira. O Alcalde de Ordes ten que ter un soldo digno para representar ao concello que require unha dedicación plena de luns a domingo. Nos da igual que se baixen o importe das asistencias ás comisións informativas tendo en conta a situación económica xeral. Nos acataremos os acordos plenarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que precisamente se se acataran o acordo plenario de 29 de xullo de 2015 que propuxeron vostedes modificar o 1 de marzo de 2017 acolléndose a unha maioría. O goberno segue a estar en minoría, somos cinco de dezasete. Traemos esta proposta por que seguimos considerando adecuado e operativo a maneira de traballar como traballábamos dende o acordo plenario de 29 de xullo. O un de marzo si que fixo unha defensa do seu salario, o que si fixo é dar liberdade de voto por que aceptou o salario que de maneira unánime se lle fixou o 29 de xullo e non ía votar unha situación distinta o un de marzo de 2017. O BNG no pleno de 29 de xullo e no pleno de 1 de marzo fixo unha defensa do salario do alcalde. Si que fixo unha defensa do seu salario, outra cousa é a súa vontade á hora da votación, estaba no seu dereito a expresala libremente como alcalde, concelleiro e veciño. Non ten inconveniente en que se voten de forma individual.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o Alcalde está a por palabras na súa boca que non dixo. O que dixemos é que non tivo a valentía de votar en contra dese acordo, non que non fixera unha defensa. Abstívose e non votou en contra se realmente non estaba a favor da baixada do soldo. A situación a ía ter que aceptar saíse o que saíse por que era unha decisión do pleno.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que isto é inxusto, o era antes e o será nun futuro. Pregunta por que non se cobran as asistencias a plenos extraordinarios, non se preparan, non valen os seus acordos. Vai a absterse, o Sr. Vázquez Raña tamén.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no pleno de 29 de xullo acordouse cobrar os plenos extraordinarios co compromiso de celebrar unicamente os necesarios. No pleno do un de marzo aceptouse unha proposta do PSOE de non cobralos. Tal é como se redactou a proposta para este pleno os plenos extraordinarios van a cobrarse. Comprométese a convocar unicamente os que sexan necesarios.

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. COMPOSICIÓN DO CONSELLO DA EMISORA MUNICIPAL.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga), coas abstencións (4 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Creación das Comisións Informativas Permanentes seguintes:

Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Comisión Informativa Permanente de Obras, urbanismo.

Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (corresponderalle o ditame de calquera outro asunto competencia do Pleno propia ou delegada que non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).

Composición: Participación igual de todos os grupos políticos [concelleiros (4): 1 PP, 1 UxO, 1 BNG, 1 PSOE] que integran a corporación, máis os concelleiros non adscritos, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

DETERMINACIÓN DOS CARGOS QUE LEVEN APARELLADO O SEU DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU DEDICACIÓN PARCIAL E DAS RETRIBUCIONES DOS MESMOS.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de seis votos a favor (5 grupo político PP, Sr. Caamaño Fraga), coas abstencións (4 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Alcalde-Presidente, exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas 41.313,30 euros/año, distribuídas en 14 pagas. Con efectos de data 1 de xaneiro de 2018.

FIXACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á ORGANOS COLEXIADOS.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga), coas abstencións (4 grupo político UxO, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: 125,00 euros.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 200,00 euros.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas e Xunta de Voceiros: 100,00 euros.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: 100,00 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar catorce horas e trinta e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO